

ESPAZO GALEGO DOS PAÍSOS CATALANS PRINCIPIOS IDEOLÓXICOS

(Aprobados na asemblea de 14/05/2005)

Apostamos por:

- Unha **cultura do espazo colectivo**, de acción e creación, que permita a promoción da cidadanía consciente do valor do sentimento de comunidade.
- A democracia participativa, a través dun **modelo organizativo asembleario**, aberto e horizontal, que dea protagonismo ao individuo e ao mesmo tempo facilite a toma de decisións en grupo.
- Unha **análise crítica e construtiva da realidade** fomentando a transformación do modelo socioeconómico vixente.
- A **participación no contexto social, cultural e político catalán** e maila interacción cos colectivos e movementos sociais no ámbito dos Países Catalans. Fomentando, así mesmo, a súa lingua e manifestacións culturais.
- O artellamento de **novas redes de comunicación e acción** con grupos ou colectivos da Galiza, da Emigración e do resto da Lusofonía.

Promovemos:

- A **visibilización da identidade galega**, entendida en termos creativos e dinamizadores, non esencialistas, fomentando a lingua e a cultura galegas nas súas diferentes manifestacións.